

INSTRUCCIÓN REMATE PRIMEIRO TRIMESTRE // CURSO 2022/23

NOVIEMBRE, DICIEMBRE 22 / XANEIRO 23

L	Ma	Me	X	V	S	D
28	29	30	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15

Vacacións de **Nadal**: dende o 23 de decembro de 2022 ata o 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive. A actividade lectiva comezará de novo o **luns 9 de xaneiro de 2023**.

O centro estará aberto durante as seguintes datas e horario:

- 26, 27 e 28 de decembro de 2022: 10.00 - 13.00 h.
- 2, 3 e 4 de xaneiro de 2023: 10.00 - 13.00 h.

1ª AVALIACIÓN e AVALIACIÓNS FINAIS EXTRAORDINARIAS DE CICLOS FORMATIVOS

Nos días previos ás sesións de avaliación, os titores/as dos ciclos formativos terán nas súas cuadrículas a acta de asistencia á sesión de avaliación (XADE).

Ademais o/a titor/a descargará a acta de reunión (modelo SXC) da aplicación EduCalidade.

As cualificacións reflectiranse no programa de xestión XADE a partir do LUNS, 28 de NOVIEMBRE. Tende en conta que hai que cargar estas cualificacións con antelación suficiente, xa que a aplicación pecharase ás 23:59 horas do día anterior á avaliación. As actas pecharanse dende dirección tendo en conta esta situación.

Antes da sesión de avaliación, o titor/a imprimirá a acta coas cualificacións e fará tantas copias como membros do equipo docente haxa.

Revisará as cualificacións e tentará preparar o desenvolvemento da avaliación, coa finalidade de que sexa máis áxil e eficaz.

As sesións de avaliación celebraranse os días **30 de novembro e 1 de decembro (mércores e xoves)**, segundo horario anexo.

A asistencia ás sesións de avaliación é obrigatoria e salvo motivo debidamente xustificado non se concederán permisos para ausentarse.

▪ **VENRES, 2 de decembro (este día non haberá clase):**

A entrega dos boletíns de cualificacións aos alumnos/as, farase do seguinte xeito:

- ❖ 1º C. F. Réxime Ordinario: ás **10:30h**. Os/as titores/as poderán retirar os boletíns, da secretaría, a partir das 10.00 h.
- ❖ 2º C. F. Réxime Ordinario: ás **11:00 h**. Os/as titores/as poderán retirar os boletíns, da secretaría, a partir das 10.30 h.
- ❖ FP Básica (1º e 2º): ás **11.30 h**. Os/as titores/as poderán retirar os boletíns, da secretaría, a partir das 11.00 h.
- ❖ C. F. Réxime Adultos (presencial/distancia), ás **17:00 h**. Os/as titores/as poderán retirar os boletíns a partir das 16.30 h.

MOI IMPORTANTE!!!: Os/as titores/as deixarán os boletíns non recollidos por os/as alumnos/as na **CONSERXERÍA** do edificio principal.

O **CLAUSTRO** de remate do 1º trimestre terá lugar o **venres, 2 de decembro, ás 12:30 h** no Salón de actos (recibiredes convocatoria).

SINATURA DAS ACTAS: do 12 ao 16 de decembro en Xefatura de estudos.

OBSERVACIÓNS:

- Os/as titores/as e o profesorado, en xeral, prestarán moita atención ao debido cumprimento das actas de avaliación, en especial ás actas finais extraordinarias de ciclo (FCT e Proxecto, este último no caso de ciclos formativos de grao superior).
- **Haberá clase ata o xoves día 22 de decembro, inclusive, para todo o alumnado.**

Vigo, 4 novembro 2022

Xefatura de estudos